

Validado pola comisión académica o día 28 de maio de 2020

INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE PROMOCIÓN DO CENTRO

O plan de promoción da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, ao longo dos case 20 anos de existencia, estivo en todo momento coordinado cos servizos centrais da Universidade e do Campus de Ourense. Durante moitos anos era o SIOPE o que colaboraba na elaboración de trípticos informativos e trasladábanos o interese de centros das provincias de Ourense e Pontevedra por recibir orientacións acerca dos títulos impartidos no noso centro. Accións que completaban as iniciativas propias promovidas desde o Decanato. Nos dous últimos cursos, a coordinación é aínda maior coa Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, co Gabinete de Prensa e coa área de Imaxe da Universidade de Vigo.

Froito deste traballo coordinado, son as principais accións postas en marcha para posicionar a Facultade no marco da sociedade ourensá, e en xeral en Galicia. **A actualización permanente da páxina web** é un dos eixos fundamentais desta labor, pois é unha porta de acceso á información desde calquera lugar; información que logo ha de completarse coa dispoñibilidade a atender correos e chamadas que solicitan aclaracións e ampliación da mesma. Neste proceso de traslado da orientación aos centros, somos unha facultade privilexiada, pois os **departamentos de orientación** están dirixidos por ex-alumnado dos nosos títulos, e aínda continúan vencellados á Facultade, a través dos mestrados, do doutoramento, ou como profesorado asociado.

A participación en foros de orientación, que organiza a propia Universidade ou outras entidades, sirve para dar continuidade presencial ás referidas accións, ao igual que as xornadas de **portas abertas**, tanto as que se organizan abertas a todo o alumnado de centros de educación secundaria, como aqueles **actos de extensión universitaria**, que organiza a Facultade de xeito estratéxico, entre os que podemos salientar, as visitas guiadas ao museo pedagóxico, con estudantes acompañados do profesorado de historia dos institutos, ou visitas aos laboratorios con profesorado das ramas correspondentes. Como actividades de grande proxección, cabe destacar as **Xornadas Interxeracionais**, das que se levan realizado 16 edicións, e que permiten inter-actuar ao alumnado de graos de educación, con escolares doutros niveis educativos, centros de terceira idade, e colectivos portadores de diversidade.

Por outra parte, a boa acollida dos medios de comunicación dálle aínda mais difusión aos títulos do centro e aos seus ámbitos de intervención educativa e social. Nesta liña de colaboración con institucións, colectivos e centros educativos, puxemos en marcha as **Xornadas de Educación e Territorio**, colaborando con concellos e deputacións, e especialmente con Centros Integrados de Formación Profesional, tanto de Ourense, como Pontevedra e Sur de Lugo. Con maior ou menor implicación vense participando tamén desde hai anos en Congresos de centros de investigación locais ou MRPs, entre os que se pode citar os **Congresos do Centro de Estudos Chamoso Lamas do Carballiño**, que congrega, cada dous anos, a un número importante de docentes de IES de Galicia, ou os **Encontros Galego-Portugueses de Educación para a Paz**, que pasan das trinta edicións, e tamén permite xuntar a universitarios con profesorado de tódolos niveis educativos.

Nos casos de Educación Social e Traballo Social, complétase a visibilidade das titulacións mediante unha estreita colaboración cos **Colexios Profesionais**, tanto na organización de encontros, seminarios e xornadas, como nos “Días de...”, ou nos premios de TFG, por poñer só algúns exemplos.

Finalmente, destacar a presenza da Facultade en **charlas de orientación** organizadas en centros de secundaria de Galicia, a onde acudimos ben por iniciativa propia, ou por convite das direccións dos centros ou dos departamentos de orientación (Vigo, Pontevedra, Cangas, Baiona, Lalín, Silleda, Guitiriz, Monforte, Verín, Barco de Valdeorras, A Rúa, Carballiño, CIFP Portovello de Ourense, Blanco Amor), foron algúns dos centros visitados nestes últimos anos.

Para o alumnado que accede aos graos do centro, está tamén en marcha o plan de acción tutorial, no que reciben orientación e información continuada, sobre o desenvolvemento dos estudos, como das saídas cara a profesión ou cara mestrados e doutoramentos, que teñen as súas páxinas web propias, enlazadas desde a xeral da Facultade.

Da análise cualitativa realizada despréndese que o Plan de Promoción do Centro é adecuado para a Facultade de Ciencias da Educación e procede continuar mantendo a súa esencia.

Ourense, 28 de maio de 2020